Marcos Vázquez Marey, doutorando da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e labrego, é un dos pioneiros no que a produción ecolóxica se refire, pois adheriuse ao selo Craega en 1998, tan só un ano despois do nacemento da nosa entidade. A súa explotación, Casa de Vázquez, con máis de dous séculos de historia, sitúase na parroquia lucense de Trasliste (Láncara) e nela inclúese dende o ano 2019 o Museo Integrado de Maquinaria Agrícola Clásica (Muvicla).

A produción de Casa de Vázquez oriéntase, ademais de ao autoconsumo, á gandería de carne e a un dos produtos estrela da temporada, a mazá. Precisamente, falamos con el sobre o cultivo deste froito, que produce na Froilana, a horta máis pequena... ou será a máis grande da súa casa? Cóntanolo nas seguintes páxinas.

"Desde 1999 as nosas mazás van camiño de Chantada e con certificación eco"

Marcos Vázquez confésanos orgulloso que a decisión de cultivar mazá ecolóxica nace coa Froilana, unha leira da casa de labranza na cal tivo a sorte de nacer. Por ser a máis pequena e non ter bo acceso con tractor, os seus pais, que emigraron a Suíza, á súa volta plantárona con 15 maceiras. O amor á terra, o non desertar do arado e o afán de observación levárono a facerse unha pregunta curiosa relacionada con esta leira: "A Froilana, a leira máis pequena ou a máis grande da casa?".

Avalado por datos concretos que el mesmo elaborou, indícanos que a produción de mazá, xa robusta, porque data de 1999, nesta parcela está próxima ao euro por metro cadrado e ano. Alí só van unha tarde (e non enteira) ao ano a podar, dúas horas ou menos a cortarlle a herba que nace e outras dúas-tres horas a recollerlle as mazás que dá, unha información que parece máis que suficiente para responder a súa pregunta.

Non quere referirse a hectáreas, prefire falar de plantas. O motivo é que teñen árbores plantadas en distintos sistemas produtivos, hortas con produción complementaria de mazás e outras con produción complementaria de herba. Desde 2006 tomaron a decisión de plantar as leiras e leiros de menos de 3.000 m^2 e ata entón o que tiñan eran árbores nos valados ou bordos dalgunhas hortas. "Plantar

nos valados fai que estes non dean só silvas… e así veste na obriga de telos limpos para recoller de xeito máis doado as mazás", comenta.

Así mesmo, incide na importancia de compartir o uso das parcelas con herba e maceiras, pois "permite, con certa orde, o pastoreo, co cal se está a xerar unha produción simbiótica, o que reforza a postura da economía circular e da sostibilidade medioambiental".

Nas hortas que plantan de novo usan marcos de plantación pouco habituais e moi amplos, para poder pastorear con gando maior e para mecanizar un pouco a recollida da herba; polo tanto, hai marcos de 6 por 7 e incluso de 8 por 8 metros lineais. Polo tanto –conclúe–, conta con 1,5 ha e unhas trescentas plantas, das que teñen algunha variedade rústica e autóctona e algunha outra só con vocación sidreira e de Asturias. Entre elas, destacan a mel e manteiga, bicuda, reineta e de la riega, regona e raxao.

Á hora de seleccionar o froito para a recolección observan bastante cando as árbores teñen exceso de carga e, como non hai moito tempo, adoitan planificar recollidas pensando na solidez estrutural da árbore. Cando poden agardar a unha recollida óptima, fan probas cunha solución a base de iodo (lugol) para *testear* o estado de maduración da mazá.

A xeada, a maior ameaza

Segundo nos informa este lancarao, o principal perigo que pode estragar unha colleita co seu sistema de manexo, coa situación xeográfica e topográfica, son as xeadas. "Se nun ano bo de mazá, con pouca *vecería*, vén unha xeada a destempo, arruínache a colleita. A medio e longo prazo, parece que o cambio climático non está xogando a favor da produción aquí, algo deducible a partir de datos recollidos dende 1999, que apuntan nesa dirección", advirte. No seu caso, unha boa colleita depende de que nun ano de pouca veza non xee a destempo.

Segue a apostar moito pola tradición e polo carácter social dos traballos que non pode realizar un só en Galicia e, polo tanto, empregan máis ou menos o 50 % de man de obra familiar ou de roga, pero van ampliando a man de obra asalariada. Este ano, por exemplo, tiveron cinco persoas asalariadas durante a recollida.

A sidra Maeloc, o destino final

O destino principal do seu produto é a sidra, concretamente a firma Sidras Maeloc (Custom Drinks, Chantada-Lugo), e confesa que é "unha sorte que existan empresas coma esta. De todos os xeitos, nós xa apostaramos por Chantada cando era Sidrería Galega. Desde 1999, as nosas mazás van camiño dese territorio e con certificación eco".

Marcos recórdanos que as propiedades das mazás ecolóxicas son iguais que en convencional, pero "o distinto radica nos tratamentos e na fertilización; coma en calquera outra actividade certificada en ecolóxico e regulada no marco europeo, non se pode usar ningún produto de síntese".

É rendible a produción?

Para responder a esta pregunta, este produtor reflexiona acerca dun estudo publicado sobre a produción da mazá en Galicia, apoiado por unha parte importante do mundo científico galego, do cal salienta que "aínda que confío plenamente e creo na súa necesidade como motor de desenvolvemento da sociedade, a miña visión sobre este asunto, a xulgar polos datos que manexamos na nosa labranza e as décadas de experiencia, teño que dicir que choca frontalmente cos seus resultados".

Considera que a produción de mazá en Galicia, coma calquera outra, debe valorarse desde máis ópticas que a exclusivamente económica; tamén pode e debe valorarse como produción complementaria a outras. "O valor sobre a conservación e o deseño do territorio, a variante ambiental e o carácter social desta produción deben ser postos en valor por riba do meramente económico".

Vázquez incide en que "os datos que manexamos da nosa labranza, anotados rigorosamente desde o ano 1999, amosan resultados nos que nalgunha parcela nos achegamos a unha produción económica de 1 €/m^2 (véxase o caso da Froilana, xa citado) en parcelas pequenas e sen ter en conta o valor da herba que se pode extraer das parcelas onde hai árbores. Non quero entrar en polémicas, pero plantar árbores que dean mazás en Galicia é, cando menos, unha forma doada de conservar moito territorio apto para este cultivo e que corre risco de abandono", conclúe.